



A Xunta de Goberno do pasado 15 de novembro de 2001, acordou aproba-la *Normativa Básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe da avaliación do rendemento académico dos estudantes*, e tamén a *Normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e revisión das cualificacións*.

Antes as diversas preguntas formuladas por directores de departamento e centros, e co obxecto de establecer unha correcta aplicación desta normativa en relación ás materias e plans de estudos que están sen docencia por atoparse en procesos de extinción dictase a seguinte

### INSTRUCCIÓN

**Primeiro.-** Cando a programación docente dunha materia determine a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos etc, sen as cales non será posible a superación de dita materia ou disciplina, esta programación poderá ser esixida ós alumnos matriculados na materia, aínda que a mesma non teña docencia.

**Segundo.-** Se estas actividades só poden ser desenvolvidas durante o periodo de clase, a Comisión de Docencia do Centro pode establecer a imposibilidade de presentación destes alumnos á convocatoria de setembro. No caso de que esta/s materia/s queden sen docencia, os alumnos que se matriulen nela/s, están obrigados a respecta-la programación docente que tiña establecida a materia no último curso académico que foi impartida.

**Terceiro.-** Corresponde ó Departamento informar ós alumnos das materias que, de se-lo caso, pese a non ter dereito a docencia, teñen unha programación docente que os obriga a realizar as correspondentes actividades ou prácticas descritas nos artigos desta instrucción para realiza-lo exame.

**Cuarto.-** O Departamento deberá informar ó Centro responsable de organiza-la titulación de cales son estas materias co fin de poder incorporar, de se-lo caso esta información na oferta académica de cada curso.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2002

**O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA**

**E PROFESORADO**



**Cástor Méndez Paz**

Sr. Secretario Xeral; Srs./as Decanos/as Directores/as de Centro; Srs/as Directores/as de Departamento; Sra. Xefe de Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica.  
Sr. Director do COIE.